

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/21/2022	GOB16I0B1
4S4F4G3X6O4E574V0MT7	

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DOUS DE XUÑO DE DOUS MIL VINTEDOUS

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D^a JOSE OREONA BRA D/D^a JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/D^a MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do dous de xuño de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	---

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2.- **PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA FINANCIAR AS RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL TÉCNICO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EN 2022.**- Vista a proposta formulada que di así: O día 19-05-2022 a xefa de sección de Recursos Humanos e Patrimonio elevou á concelleira delegada de Ensino e Bibliotecas o informe-proposta, co código ASI16I0E6, do expediente ASI/2/2022, que literalmente di:

“INFORME-PROPOSTA DE ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA FINANCIAR AS RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL TÉCNICO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2022

O día 20/01/2022 a Xunta de Goberno Local aprobou a solicitude de subvención da Deputación da Coruña para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística durante o ano 2022, a través

do financiamento das retribucións da técnica do servizo lingüístico cun máximo de ata 15.000 euros.

O día 19/05/2022 publícase no BOP a resolución definitiva da subvención solicitada á Deputación da Coruña, aprobada por un importe do 15.000 euros.

Polo anteriormente exposto, quen subscribe solicítalle á concelleira delegada de Ensino e Bibliotecas que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Primeira.- Aceptar a subvención recibida pola Deputación da Coruña polo importe indicado de 15.000 euros.

Segunda.- Aprobar o plan de financiamento para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística no Concello de Narón, que para o ano 2022 é o seguinte:

Custos totais de persoal	58.212,97 euros ▪ Salarios: 44.350,14 euros - aplicacións orzamentarias 9200 13100 e 9200 13105 ▪ Seguridade Social: 13.862,83 euros – aplicación orzamentaria 92000 16000
Achega do concello	43.212,97 euros
Subvención concedida pola Deputación da Coruña	15.000 euros

A achega do concello para o gasto de persoal do Servizo de Normalización Lingüística está incluído no orzamento do concello de 2022.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá como considere máis oportuno.”

Logo de ver o informe proposta favorable dos servizos económicos do concello, co código ICO16I05Z, esta concelleira delegada de Ensino e Bibliotecas propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

Segundo.- Dar conta deste acordo aos servizos económicos do concello.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4